



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E O GRUPO DE ANÁLISE E DEBATE MANUEL COLMEIRO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS V XORNADAS IBEROAMERICANAS DE FINANCIAMENTO LOCAL.

En Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2016

REÚNENSE

Dunha parte, Don Valeriano Martínez García, como conselleiro de Facenda da Xunta de Galicia para cuxo cargo foi nomeado polo Decreto 16/2015, do 9 de febreiro, e que actúa en representación da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia (en adiante a CONSELLERÍA) consonte o disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E da outra parte, Don Luis Caramés Viéitez, maior de idade, con DNI 35.231.022-J que intervéñen en nome e representación do GRUPO DE ANÁLISIS E DEBATE MANUEL COLMEIRO con CIF G70478433, en calidade de presidente.

Ambas partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- Atribúeselle á Consellería de Facenda no Decreto 101/2014, do 1 de agosto, polo que se establece a súa estrutura orgánica, entre outras, as competencias de dirixir e coordinar as actuacións relativas á planificación, programación e elaboración dos orzamentos do sector público autonómico; de realizar estudos e actuacións relativas á determinación dos recursos económicos que deben ser transferidos á Comunidade Autónoma desde os orzamentos doutras administracións públicas así coma a análise e o deseño da política global de ingresos públicos tanto dos tributos propios coma dos



cedidos polo Estado e dos demais ingresos que a propia Comunidade Autónoma pode xerar como consecuencia da súa actividade económica e dos servizos que presta á cidadanía.

Correspóndelle, tamén, a xestión do Fondo de Cooperación Local, o establecemento do seu marco regulador e a determinación da súa contía e distribución.

A Consellería de Facenda ten atribuídas, ademais, as competencias que o Estatuto de Autonomía lle confire en materia de planificación e programación económica.

Segundo.- O Grupo de Análise e Debate Manuel Colmeiro constitúese coma unha asociación sen ánimo de lucro, que ten entre os seus fins:

- a) Crear un espazo de diálogo plural, que axude a enriquecer os puntos de vista científico-académico-profesional sobre temas relevantes de interese xeral.
- b) Servir de instrumento de intermediación entre os especialistas en diversos campos de interese e a sociedade.
- c) Promover o debate entre expertos.
- d) Actuar como transmisor de inquietudes e propostas.
- e) Aportar coñecemento e perspectiva crítica ao conxunto da sociedade.
- f) Trasladar as súas reflexións dunha maneira independente e aberta, lonxe de partidismos, con garantías de riqueza e pluralidade de opinións.
- g) Divulgar e difundir no seo da sociedade as súas preocupacións e conclusións, dende o rigor e a pluralidade.

O Grupo de Análise e Debate Manuel Colmeiro encamiña, coa finalidade de facer progresar ao país, a súa atención cara aos retos máis inminentes nas áreas de demografía, innovación, enerxía, medio ambiente, organización territorial, racionalización da administración pública, modernización do sector público.

Terceiro.- A Consellería de Facenda está interesada en participar e fomentar as actividades encamiñadas ao estudo e á análise do financiamento autonómico así coma do financiamento da administración local.

O Grupo de Análise e Debate MANUEL COLMEIRO organiza as V XORNADAS IBEROAMERICANAS DE FINANCIAMENTO LOCAL, que dan continuidade a outras celebradas antes en Toledo, La Plata (Arxentina), Sao Paulo (Brasil) e Santiago de Chile (Chile). Nelas, en colaboración con universidades españolas e iberoamericanas e organismos internacionais coma o BID e a CEPAL, abórdanse temas de interese xeral para



a administración pública e, en particular para a consellería de Facenda, tendo en conta os bloques temáticos obxecto de análise nas xornadas :

BLOQUES TEMÁTICOS:

1. Marco Xeral da descentralización fiscal e a súa relación cos desafíos macroeconómicos.
 - a relación entre descentralización fiscal e o ciclo económico
 - análise da efectividade das políticas de descentralización fiscal
 - disparidades fiscais rexionais
 - sostenibilidade fiscal e endebedamento sub-nacional.
2. Eficiencia e calidade dos gastos sub-nacionais:
 - Eficiencia e calidade na prestación de servizos autonómicos e locais
 - Impacto dos sistemas de transferencias intergubernamentais e de eficiencia no gasto público.
 - O comportamento e os desafíos do investimento público descentralizado.
 - Análise dos determinantes para a atracción de investimento público-privado a nivel sub-nacional.
3. Recadación de ingresos propios e acceso a financiamento.
 - Desempeño e potencial recadatorio dos ingresos propios
 - Acceso ao financiamento e responsabilidade fiscal
 - Prácticas innovadoras en materia de financiamento dos gobernos sub-nacionais.
4. Desafíos das administracións públicas sub-nacionais.
 - Avaliación de impacto das intervencións para mellorar a xestión do gasto e a prestación dos servizos
 - Análise de impacto de programas de mellora da xestión dos ingresos propios sub-nacionais.
 - Efectividade das intervencións orientadas a aumentar a transparencia e á rendición de contas, incluíndo o aporte aos sistemas de control.

Para cada un dos bloques temáticos, cóntase co relatorio dun experto de relevancia internacional e de investigadores procedentes de todo o mundo, que aportan a súa visión e experiencia comparada.

Cuarto.- De conformidade coa lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, neste caso concorren razóns de interese público e social dado que o Grupo Colmeiro organiza unhas xornadas sobre financiamento local nas que a Consellería de Facenda considera



axeitado colaborar dado o tema a tratar e a solvencia científica dos relatores que participan nelas.

Conforme ao establecido no artigo 26.2 da dita lei, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, dadas as características das xornadas e que as organiza o Grupo Colmeiro, integrado por profesores e investigadores universitarios.

En consecuencia ámbalas dúas partes acordan asinar este convenio de colaboración con suxeición as seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é outorgar unha subvención de concesión directa, segundo o disposto no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao grupo de Análise e Debate Manuel Colmeiro, para contribuír á realización das V Xornadas Iberoamericanas de Financiamento Local.

SEGUNDA.- Obrigas do Grupo de Análise e Debate Manuel Colmeiro

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Grupo de Análise e Debate Manuel Colmeiro:

1. Presentar, con carácter previo á sinatura do convenio, unha declaración responsable na que se faga constar que o Grupo de Análise e Debate Manuel Colmeiro non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, número 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario dunha subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.



3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, realización da actividade e o seu custo real.
4. Incorporar a imaxe corporativa da Xunta de Galicia – Consellería de Facenda segundo establece o Decreto 409/2009, do 5 de novembro (DOG nº 227 do 19/11/2009) polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia. Esta imaxe será incorporada en todos os soportes que se utilicen.
5. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

TERCEIRA.- Obrigas da Consellería de Facenda

A Consellería de Facenda comprométese a colaborar co Grupo de Análise e Debate Manuel Colmeiro para a finalidade deste convenio coa achega económica estipulada na cláusula cuarta.

CUARTA.- Financiamento

O importe total da achega prevista no convenio ascende a un total de trinta mil euros (30.000€), que se financia con cargo á aplicación orzamentaria 06.01.612A.481.0 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

A dita achega financiará exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio sen que ningunha das partes convenientes poida obter ningún lucro.

Ao abeiro deste convenio poden financiarse os gastos que se efectúen para levar a cabo as V Xornadas Iberoamericanas de Financiamento Local desde o 1 de xaneiro de 2016 ata o 1 de decembro de 2016.

Ao abeiro do establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e coa finalidade de que poidan levar a cabo as actividades obxecto do convenio, realizarase un pagamento anticipado de 15.600 euros logo da sinatura do convenio.



QUINTA.- Xustificación e pagamento

Para percibir o importe desta subvención, o Grupo de Análise e Debate Manuel Colmeiro deberá:

- Acreditar que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.
- Acreditar que realizou as V Xornadas Iberoamericanas de Financiamento Local. Achegarán copia das ponencias presentadas no congreso.
- Presentar unha certificación que acredite a realización das actuacións previstas neste convenio así coma o investimento da totalidade da subvención na realización das ditas accións e o pagamento efectivo das actividades realizadas. Con esta certificación deben achegarse os xustificantes correspondentes que consistirán en facturas dos gastos realizados afectos á actividade, acompañados dos comprobantes do seu pagamento, xa sexa por transferencia bancaria ou por talón nominativo.

No caso de que os gastos sexan de persoal que participase nas actividades obxecto deste convenio deberán presentar as nóminas e os comprobantes do seu pagamento, así como, unha memoria xustificativa de adscrición deste persoal ao desenvolvemento da actividade da xornada.

A documentación xustificativa deberá entregarse na Consellería de Facenda antes do 1 de decembro de 2016.

A Consellería de Facenda realizará o pagamento restante da subvención ao Grupo de Análise e Debate Manuel Colmeiro unha vez comprobada a súa xustificación.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, as achegas da Consellería de Facenda diminuiranse proporcionalmente.

SEXTA.- Reintegro e perda do dereito ao cobro da subvención

Producirase a perda do dereito ao cobro da subvención que constitúe o obxecto deste convenio no suposto de falta de xustificación da subvención ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Serán causas de reintegro das cantidades percibidas e dos xuros de demora correspondentes as establecidas no artigo 33 da devandita Lei.



SEPTIMA.- Causas de resolución

Son causas de resolución do convenio :

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- b) O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

OITAVA.- Vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 1 de decembro de 2016 sen prexuízo de que se poidan atender actuacións realizadas en relación con este convenio desde o 1 de xaneiro de 2016.

NOVENA.- Exoneración de responsabilidade

A subscrición deste convenio non xerará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades obxecto deste acordo e maila Xunta de Galicia, de xeito que non se lle poderá esixir á Consellería de Facenda ningunha responsabilidade nin directa nin indirecta nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMA.- Comisión de seguimento

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta paritaria, integrada pola persoa designada pola Secretaria Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería e un membro do Grupo de Análise e Debate Manuel Colmeiro, e un representante máis de cada unha das partes.

A dita Comisión establecerá as súas propias normas de funcionamento e será o órgano de planificación, seguimento e avaliación das accións derivadas deste acordo de colaboración e entenderá e resolverá todas as cuestións relacionadas co convenio. A Comisión Mixta reunirse sempre que o solicite algunha das partes.

O presidente da Comisión será un dos representantes da Xunta de Galicia. Contra as decisións da Comisión de seguimento non cabe recurso en vía administrativa.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Publicidade da colaboración das partes

De conformidade co previsto na cláusula segunda, o Grupo de Análise e Debate Manuel Colmeiro deberá dar axeitada publicidade da participación da Consellería de Facenda na xornada. Así mesmo, en todo o material que se utilice e se reparta con motivo dos



eventos e das actividades que se realicen, ao amparo deste convenio, deberá facerse constar a colaboración desta consellería.

DÉCIMO SEGUNDA.- Compatibilidade da subvención

A subvención regulada neste convenio é compatible coa percepción de calquera outra achega económica para a mesma finalidade sempre e cando o conxunto das axudas non supere o custo e se evite o dobre financiamento.

O Grupo de Análise e Debate Manuel Colmeiro queda obrigado a comunicarlle á Consellería de Facenda calquera outra axuda que poida percibir para a mesma finalidade.

DÉCIMO TERCEIRA.- Rexistro de convenios e publicidade da axuda

A sinatura deste convenio supón o consentimento expreso por parte do Grupo de Análise e Debate Manuel Colmeiro para que a Administración galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao dito convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e cos Decretos 126/2006, do 20 de xuño, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de subvencións.

DÉCIMO CUARTA.- Publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto

Os asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento a que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO QUINTA.- Natureza do convenio

Este convenio ten natureza administrativa, e rexerase polo disposto nas súas cláusulas, pola Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e polas demais normas de dereito administrativo aplicable. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.



DÉCIMO SEXTA.- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións.

As partes asinan este convenio por duplicado en proba de conformidade no lugar e data arriba indicados.

POLA CONSELLERÍA DE FACENDA,

POLO GRUPO DE ANÁLISE E DEBATE MANUEL
COLMEIRO

Valeriano Martínez García

Luis Caramés Viéitez